

ARTIGO 9º.—INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º.—ORMAS DE XESTIÓN

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor a o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do un de Xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso.—administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdición Contencioso-administrativa.

**MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE VERTEDEURAS
A REDE DE SUMIDOIROS DO CONCELLO DE POIO**

Modifícanse as tarifas da taxa de análises, inspección e informes que figuran no Anexo IV do Regulamento, debendo axustarse ás seguintes contías.

PARÁMETROS	2014
PH	5,62
Conductividade	5,62
Sólidos en suspensión totais	17,04
D.B.O.5	35,61
D.O.O.	28,63
Fósforo total	15,76
Nitróxeno amoniacal	13,31
Sulfuro	19,68
Aceites e graxas	67,55
Recollida e envío mostra laboratorio	98,53



PARÁMETROS	2014
Subtotal	307,35
IVE 21% (*)	64,54
Total	371,89
Por inspección e informe	191
IVE 21% (*)	40,11
Total	231,11
PARÁMETROS	
Aluminio.....	36,24
Arsénico.....	54,36
Bario.....	36,24
Boro.....	18,11
Cadmio.....	36,24
Cromo hexavalente.....	25,37
Cromo total.....	36,24
Ferro.....	25,37
Manganeso.....	25,37
Níquel.....	36,24
Mercurio.....	54,36
Chumbo.....	36,24
Selenio.....	54,36
Estaño.....	49,84
Cobre.....	25,37
Zinc.....	25,37
Cloruros totais.....	58,21
Cloruros.....	16,31
Sulfitos.....	46,66
Sulfatos.....	28,97
Fluoruros.....	28,97
Fenóis totais.....	32,89
Aldehídos.....	43,48
Deterxentes.....	33,84
Pesticidas.....	482,98
Toxicidade.....	155,45

A modificación destas tarifas comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2014 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa. Contra a presente modificación cabe recurso contencioso.-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdición Contencioso-administrativa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SOLIDOS URBANOS

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 15 a 19 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo de Tratamento e Eliminación dos Resíduos Sólidos Urbanos.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito impoñible da Taxa a prestación dos servizos de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.